

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE LOBIOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DE RÚA EN CIMA DE VILA DE GROU

REUNIDAS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 66/2023, do 14 de xuño (DOG núm. 113 do 15 de xuño), no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, María del Carmen Yáñez Salgado, alcaldesa-presidenta do Concello de Lobios, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I. O Concello de Lobios está situado o Suroeste da provincia de Ourense e forma parte da Comarca da Baixa Limia

A súa situación xeográfica unida a beleza das súas paraxes, a representatividade dos seus ecosistemas, a singularidade da súa flora e fauna ou das súas formacións xeomorfolóxicas da lugar a que este concello posúa uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos que deben ser conservados, polo que no ano 1992 declarouse Parque Natural do Xurés a parte máis meridional do Concello de Lobios. A riqueza deste parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés xunto coa riqueza do parque nacional de Peneda-Gerês (Portugal) fixo que no ano 2009 se declarara este territorio transfronteirizo Reserva Mundial da Biosfera. Este recoñecemento é o motor do desenvolvemento económico do concello.

II. A Comarca da Baixa Limia caracterízase por ser unha zona eminentemente rural cunha baixa densidade de poboación en permanente descenso e cunha grande tradición



migratoria. O descenso poboacional da zona nos últimos anos é especialmente notable e obedece en grande medida a falta de incentivos inversores e o enquistamento dos sistemas de explotación das súas fontes de riqueza.

III. Coa realización das obras de urbanización de rúa en Cima de Vila na parroquia de Grou, corrixiranse parcialmente os impactos paisaxísticos mellorando o viario que atravesa a zona.

O obxecto que se persigue é mellorar as condicións básicas de accesibilidade no territorio, en particular no que se refire á accesibilidade aos espazos de infraestrutura pública e dos asentamentos da poboación, o que tamén favorecerá o aproveitamento turístico do lugar de Cima de Vila.

IV. Tendo en conta estes condicionantes, o Concello de Lobios, mediante escrito do 15 de novembro de 2023, solicitou a colaboración para o financiamento das obras de urbanización de rúa en Cima de Vila.

V. Acredítase deste xeito que se trata dunha circunstancia singular e sobrevida, que xustifica a tramitación deste convenio, para que o concello afectado poida mellorar as condicións básicas de accesibilidade das infraestruturas, para contribuír á revitalización do seu territorio e da súa riqueza paisaxística.

VI. A finalidade da colaboración constitúe, deste xeito, unha razón de interese público que lle confire un carácter excepcional á axuda, obxecto do convenio. En consecuencia, consonte co artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública. Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

VII. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (en adiante VCMATV) é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia.

Dentro da VCMATV correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de



accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial, de conformidade ao apartado m) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería e do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 113 do 15 de xuño).

Esta Dirección Xeral conta con programas dirixidos á dotación de equipamentos públicos e de mellora de contornas urbanas.

Os equipamentos urbanos desempeñan un papel fundamental como elemento dinamizador de desenvolvemento social e cultural da nosa sociedade e son, ademais, elementos estruturais na contorna urbana.

As intervencións definidas como contornas urbanas recollen as actuacións enfocadas a mellorar o espazo público tendo en conta as necesidades de utilización e en relación coa mellora da contorna, o ambiente e a calidade de vida.

O conxunto de vilas dispersas pola nosa xeografía, articulan e centralizan a vida económica, social e cultural do territorio que se atopa baixo a súa área de influencia. Constitúen verdadeiros motores de dinamización social e económica ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

A tal fin e preciso, acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

En consecuencia co anterior, a actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da VCMATV.

VIII. O Concello de Lobios ten atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), competencias en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; promoción e xestión de vivendas; parques e xardíns, pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais.

IX. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda considera axeitado colaborar no financiamento da execución das obras de urbanización de rúa en Cima de Vila de Grou e para iso contribuirá cunha achega económica de trinta e sete mil trescentos noventa e cinco euros con oitenta e sete céntimos (37.395,87 €), IVE engadido, equivalente ao 100% do seu custo.



A dita achega, ten que realizarse a través do Concello de Lobios, xa que esta institución é a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos. Por outra banda, nos orzamentos existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da actuación.

Polo exposto, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Lobios, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lobios para a execución das obras de urbanización de rúa en Cima de Vila de Grou.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír ao financiamento das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega como máximo de trinta e sete mil trescentos noventa e cinco euros con oitenta e sete céntimos (37.395,87 €), IVE engadido, equivalente ao 100% do custo de execución das obras, con cargo a aplicación orzamentaria 08.04.521A.762.0, código de proxecto 2015 00235, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

Esta achega, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.



Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do presente convenio, as baixas que de selo caso resulten minorarán o importe da subvención.

2.- A consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da execución das obras, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execución dos traballos. Os aboamentos parciais que se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3.- A consellería resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao Concello de Lobios, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% das obras obxecto de subvención. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Lobios asume as seguintes obrigas:

1. Redactar os documentos técnicos que definan as obras a executar.
2. Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o promotor e beneficiario destas actuacións.
3. Levar a cabo a contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas na documentación técnica, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado no apartado 1 da cláusula segunda. Así mesmo, asume a obriga de financiar a súa conta exclusiva, se fora o caso, os posibles modificados do contrato ou liquidacións que se puideran producir.
4. Comunicarlle á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a data de recepción das obras para o efecto de que se envíe un representante, que estará presente para os efectos do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



5. Presentar obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a correspondente rendición dunha conta xustificativa integrada pola documentación que se indica de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, segundo o disposto no artigo 8 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. A estes efectos, indica o artigo 3 do citado decreto, que con carácter xeral, considerárase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente do concello. Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo dun (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron os servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal competente; e declaración, de ser o caso, sobre a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto establécese no día 27 de decembro de 2023.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). Estes formularios só terán validez se están debidamente asinados polo representante legal da entidade correspondente ou persoa debidamente acreditada.

6. Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

7. Presentar unha declaración responsable de que non concorren, no que lle atinxe, as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que imposibilitan para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública.

8. Comunicarlle a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.



9. Reintegrarlle á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

10. Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

11. A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007 e no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

12. O Concello de Bande presta expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG núm. 153 do 9 de agosto). Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

13. Nomear, se fose o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento e seguimento das actuacións establecidas neste convenio e mailo seguimento dos prazos estipulados no correspondente contrato de execución.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de trinta e sete mil trescentos noventa e cinco euros con oitenta e sete céntimos (37.395,87 €), IVE engadido, equivalente ao 100% do custo de execución das obras, que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao Concello de Lobios, contra a presentación por este das certificacións dos traballos executados. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais ata o 80% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes xustificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado 5 da cláusula terceira.

Unha vez rematados os traballos obxecto do acordo, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos



previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Así mesmo, deberá presentarse un certificado expedido pola secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa relativo a aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, segundo o previsto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se a actividade se financiara ademais de coa presente subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

Con anterioridade a facerse efectivo o pagamento tal como establece o artigo 60.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia deberá acreditar o beneficiario que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos previstos nos artigos 10 e 11 do citado Decreto 11/2009.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica aos límites pactados no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir.

QUINTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.



SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propoñerá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente documento:

- Pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formarán parte da mesma, a persoas que ocupen a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ou persoa en quen delegue, e a xefatura do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos.
- Polo Concello de Lobios a comisión integraran a persoa que ocupe a alcaldía ou persoa en quen delegue, e o concelleiro/a responsable da área de urbanismo.

SÉTIMA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).



NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do acordo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula sexta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá implicar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste acordo, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.



DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do acordo, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio nin o incremento do número de anualidades orzamentarias, consonte o disposto no artigo 46. Dous da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo dun ano adicional en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTO

1. Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, correspondéndolle en último término a resolución das cuestións que poidan xurdir sobre a súa interpretación, execución e cumprimento á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

2. Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

3. O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as partes ao acordado en todas as estipulacións.



E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente convenio na data sinalada.

Pola Xunta de Galicia,
A vicepresidenta segunda e conselleira de
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Polo Concello de Lobios,
A alcaldesa-presidenta

Ángeles Vázquez Mejuto

María del Carmen Yáñez Salgado

